



PLAN ESTRATÉGICO DE CARITAS DIOCESANA TUI-VIGO

2003-2010

(Elaborado 1 de Agosto 2003)

**Documento aprobado polo Equipo Directivo
(2 de Setembro 2003)**

**Documento aprobado pola Comisión Permanente
(8 de Setembro 2003)**

**Documento aprobado polo Consello Diocesano
(6 de Outubro 2003)**

Índice

Introducción

Presentación

Organización do Plan Estratéxico

Primeira parte. A visión, a misión e os valores de Cáritas Diocesana.

Declaración da Visión

Declaración dos Valores

Declaración da Misión

Segunda parte. Obxectivos e liñas estratéxicas.

Eixo 1. Os últimos e non atendidos

Eixo 2. As comunidades cristiás

Eixo 3. A sociedade, a cidadanía e os axentes sociais

Eixo 4. O noso modelo de acción social

Eixo 5. A organización e os sistemas de colaboración en Cáritas Diocesana

Eixo 6. A xestión de Cáritas Diocesana

Terceira parte. Desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan.

INTRODUCCIÓN

Presentación

O Plan Estratéxico de Cáritas Diocesana Tui-Vigo parte como consecuencia da realización do Plan Estratéxico de Cáritas Española, recentemente aprobado na 57ª Asemblea Xeneral de Xaneiro de 2003, ofrecese como "unha referencia" para a planificación dos diferentes planos de Cáritas Española, especialmente das Cáritas Diocesanas, ás que se suxire que desenvolvan plans coherentes co seu contexto e compatibles, ao mesmo tempo, con dito Plan Estratéxico de Cáritas Española.

Como consecuencia, o Plan Estratéxico de Cáritas Diocesana Tui-Vigo atopase aliñado co Plan Estratéxico de Cáritas Española o cal a súa vez elaborouse en coherencia co Plan Estratéxico de Cáritas Internationalis e co Plan Estratéxico de Cáritas Europa; polo que , poderíamos dicir, que todas as Cáritas do mundo manifestan a intención de camiñar na mesma dirección e sentido.

Dito Plan, e en consonancia co de Cáritas Española, pretende ser para os próximos sete anos o referente para a reflexión do compromiso e a planificación da acción e das diferentes actividades da Cáritas Diocesana de Tui-Vigo; e pretende tamén que sexa o referente para as diferentes Cáritas Parroquiais.

Aspectos tidos en conta na súa elaboración e motivos que a Impulsaron

A identidade de Cáritas constitúe a clave fundamental dende a que realizamos a lectura da realidade social e da organización de Cáritas; polo que un aspecto fundamental na elaboración dos diferentes Plans Estratéxicos foi a reflexión sobre as dimensións do ministerio da caridade ¹ e as funcións permanentes ² de Cáritas. Estas reflexións reafirmáronos na conciencia de que os "signos dos tempos" ³ colócanos diante da necesidade de redobrar os nosos esforzos para desenvolver todas as dimensións do ministerio da caridade e as funcións permanentes de Cáritas, integrándoas nos plans e proxectos que levemos a cabo.

O proceso para elaborar o Plan Estratéxico xurde da vontade de Cáritas Española de afondar na cultura de confederación, reforzar a participación e a colaboración, aspectos estes que son plenamente asumidos por esta Cáritas Diocesana a cal quere tamén no seu territorio “ser e sentirse Cáritas Parroquial e que a súa vez estas sexan e se sentan Cáritas Diocesana”.

Esta vontade de colaboración tradúcese na formulación de obxectivos e estratexias encamiñadas a impulsala, os cales se orientan a favorecer a colaboración entre as Cáritas Diocesanas e as Cáritas Parroquiais, e impulsar a participación e a implicación das mesmas na vida da Diocesana, así como nos seus obxectivos e necesidades.

Por outra banda, a realidade da exclusión e da acción social en España e no mundo, a comezos do século XXI, planteanos retos e desafíos cuxa complexidade fai imprescindible adoptar un enfoque e unha actitude estratéxica en Cáritas. Un enfoque e unha actitude de carácter permanente e que, polo tanto, non poden esgotarse na elaboración deste Plan.

¹ Dimensión eclesial, evanxelizadora, profética e universal.

² A animación da comunidade e a formación dos responsables da acción sociocaritativa, a promoción de accións coherentes e significativas, a coordinación da acción sociocaritativa e a comunicación cristiá de bens.

³ Gaudium et Spes 3.a

A sociedade está inmersa nun cambio de grande magnitude, que presenta luces e sombras. Trátase dun cambio paradigmático, que afecta ao proxecto de sociedade e ao concepto de persoa. Un cambio que se debe enfocar dende a identidade de Cáritas e, polo tanto, lendo a realidade dende os intereses e o lugar dos pobres. En que medida fenómenos como a globalización poden ser causa de marxinación e exclusión? Que respostas están demandando? Que retos establecen ás Cáritas como organización?

Parecía tamén necesario revisar a nosa posición nun escenario, no da acción social, no que se ten incrementado e consolidado a presenza das administracións públicas, e se teñen multiplicado os axentes intervenientes.

Sen dúbida, o Plan Estratéxico de Cáritas Diocesana Tui-Vigo é ambicioso nos seus obxectivos e é moi posible que algúns deles permanezan nun horizonte temporal maior ao que contempla o Plan para o desenvolvemento das estratexias.

Organización do Plan Estratéxico

O documento estrutúrase en tres partes:

- A **primeira parte** recolle as declaracións de Visión, misión ^{4 e} valores que sintetizan os obxectivos e as estratexias do Plan respectivamente.
- A **segunda parte** desenvolve o Plan, presentando de maneira sistemática os *seis eixes, seis obxectivos e seis liñas estratéxica de seguimento* nos que se estrutura.
- A **terceira parte** establece o sistema de desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan.

Eixes nos que se estrutura o plan

Os tres primeiros EIXES céntranse nas **"PERSOAS, COLECTIVOS E TERRITORIOS DESTINATARIOS DA NOSA ACCIÓN**

PRIMEIRO EIXO. OS ÚLTIMOS E NON ATENDIDOS

Aquelas persoas e colectivos que atopan especiais dificultades para a súa integración e aquelas ás que ninguén atende son os destinatarios preferenciais da nosa acción; e, desde eles, a comunidade cristiá e a sociedade.

SEGUNDO EIXO. AS COMUNIDADES CRISTIÁS

Nacida da comunidade cristiá e expresión da súa vida e misión, Cáritas axuda a manter permanente e vivo o compromiso persoal e comunitario cos empobrecidos, como contribución esencial á realización da Misión da Igrexa.

⁴ Falamos de misión con minúsculas entendendo que esta ten un carácter coxuntural, para un período de tempo, e enmarcase na Misión, con maiúsculas, da Igrexa: a evanxelización.

TERCEIRO EIXO. A SOCIEDADE, A CIDADANÍA E OS AXENTES SOCIAIS

A sociedade, cada unha das persoas que a integran, e os axentes sociais son destinatarios de Cáritas na medida en que desexamos afondar, cada vez máis, na dimensión transformadora da nosa acción, promovendo cambios tanto no comportamento e as actitudes das persoas como nas estruturas sociais.

O tres últimos EIXES céntranse na **“CARITAS DIOCESANA TUI-VIGO”**

CUARTO EIXO. O NOSO MODELO DE ACCIÓN SOCIAL

Para responder a realidade, descubrimos a necesidade de afondar en los trazos que caracterizan nosa acción e a nosa achega diferencial á loita contra da exclusión e a liberación dos empobrecidos.

QUINTO EIXO. A ORGANIZACIÓN E OS SISTEMAS DE COLABORACIÓN EN CARITAS DIOCESANA TUI-VIGO

O quinto eixo céntrase nos sistemas de coordinación interna e na xestión da estruturación, para afondar na cultura da participación e a colaboración.

SEXTO EIXO. A XESTIÓN DE CÁRITAS DIOCESANA TUI-VIGO

Este eixo organízase nos seguintes apartados: planificación, información e comunicación, recursos humanos e formación e, recursos económicos e materiais.

| | SEIS EIXES | SEIS OBXECTIVOS | SEIS LIÑAS ESTRATÉXICAS |
|--|---|--|---|
| PERSOAS, COLECTIVOS E TERRITORIOS | OS ÚLTIMOS E NON ATENDIDOS | Que os últimos e non atendidos sexan protagonistas do seu proceso integral de desenvolvemento, que amplíen as súas capacidades e relacións, que lles sexan recoñecidos os seus dereitos e que acedan aos recursos sociais, participando plenamente como cidadáns | Centrar o nosa acción nos últimos e os non atendidos, impulsar procesos integrais de desenvolvemento, nos que participen plenamente, e favorecer a vinculación dos últimos e non atendidos a unha comunidade e territorio, así como o seu acceso aos recursos e o exercizo dos dereitos que se derivan da súa dignidade como persoas. |
| | AS COMUNIDADES CRISTIÁS | Que as comunidades cristiás sexan expresión dunha Igrexa austera, desprendida e solidaria, que afonda na súa opción preferencial polos pobres. | Reforzar na nosa acción o exercizo das nosas funcións permanentes e as dimensións do ministerio da caridade, e colaborar na pastoral de conxunto. |
| | A SOCIEDADE, A CIDADANÍA E OS AXENTES SOCIAIS | Que as persoas, as familias, as comunidades locais e todos os axentes sociais promovamos comportamentos e nos impliquemos nunha transformación das relacións e estruturas sociais, que fagan posible un desenvolvemento sostible, participativo, xusto e solidario, no que participemos todas as persoas e todos os pobos. | Impulsar a transformación das estruturas e das persoas, dende a perspectiva dos últimos, xerando condicións económicas, sociais, culturais e políticas, que contribúan a avanzar cara unha sociedade máis xusta, participativa e solidaria. |
| CÁRITAS DIOCESANA | O NOSO MODELO DE ACCIÓN SOCIAL | Avanzar nun estilo de traballo común e afondar na orientación da nosa acción dende os trazos que a caracterizan: orientación aos últimos e non atendidos, participación social, acción integral, universalidade da caridade, denuncia, orientación ao acompañamento de procesos, formación entendida como proceso educativo, colaboración con outros e afirmación da responsabilidade pública. | Promover a reflexión en torno ao Modelo de Acción Social, a formación e a elaboración de ferramentas que favorezan a súa aplicación dentro dunha dinámica de mellora continua. |
| | A ORGANIZACIÓN DOS SISTEMAS DE COLABORACIÓN NA CÁRITAS DIOCESANA | Que Cáritas Diocesana sexa un espacio vivo e dinámico, de comunión fraterna, colaboración e apoio mutuo. | Ampliar o haber común, os criterios, os sistemas e ferramentas de colaboración a Comunicación Cristiá de Bens en Cáritas Diocesana, e artellar os distintos planos, en atención á evolución das necesidades sociais. |
| | A XESTIÓN DE CÁRITAS DIOCESANA | Mellorar a xestión de Cáritas Diocesana especialmente nas áreas de planificación, información e comunicación, recursos humanos e formación e recursos materiais e económicos, garantindo os recursos e as colaboracións necesarias para acadar os obxectivos estratéxicos. | Dispor e utilizar ferramentas, sistemas e recursos que nos permitan xestionar e desenvolver accións coherentes cos obxectivos estratéxicos. |

PRIMEIRA PARTE. A VISIÓN, OS VALORES E A MISIÓN DE CARITAS DIOCESANA

Nesta primeira parte do Plan preséntanse as declaracións de Visión, Valores e misión.

DECLARACIÓN DE VISIÓN

A Visión constitúe unha síntese dos obxectivos do Plan Estratéxico formulados como se xa estiveran conseguidos. Os obxectivos poden non acadarse na súa totalidade e , polo tanto a Visión pode constituír un referente máis alá do horizonte temporal contemplado no Plan. Sen embargo, pretende ter un carácter realista e inda que non pode redactarse dun xeito detallado, pola súa necesaria brevidade, atopa maior concreción no sistema de indicadores que permitirán avaliar a consecución dos obxectivos do Plan.

Cáritas e signo da predilección do Pai polos máis empobrecidos. Isto maniféstase en que centrou a súa acción, preferentemente, naqueles cos que ninguén traballa, cos non atendidos, e cos que son cualificados socialmente como irrecuperables, inempregables, Concretamos así hoxe a nosa opción preferencial polos pobres que, fundamentada nunha adhesión viva a Xesucristo e ao seu Evanxeo, constitúe a nosa inspiración principal.

Cáritas Diocesana tense esforzado por chegar a ser expresión do ministerio da caridade de cada comunidade cristiá e de toda a comunidade. Todos os membros das comunidades cristiás participan, a través dela, na acción sociocaritativa da Igrexa, dunha ou outra maneira, comprometendo parte do seu tempo ou os seus cartos ...

Xunto con, Cáritas Diocesana, oriento a súa acción cara a transformación das estruturas e das persoas; denunciando as situacións de inxustiza, propondo cambios de actitudes e comportamentos ás persoas e un modelo de sociedade alternativa.

Á vez, Cáritas Diocesana, ten estreitado a súa colaboración coas Cáritas Parroquiais, con Cáritas Española e con outras Cáritas, principalmente coas de Galicia; con outras organizacións eclesiais e non eclesiais de acción social e con outros ámbitos de acción pastoral, establecéndose canles de coordinación.

Por último, Cáritas Diocesana, asume de maneira efectiva a dimensión universal da caridade, apoiando proxectos de desenvolvemento, en coordinación con Cáritas Española, dos países do Sur e o Leste.

DECLARACIÓN DE VALORES

Entendemos os valores como os nosos criterios de actuación, as nosas regras de xogo o noso código de conducta.

Para realizar a misión e acadar la Visión, actuaremos movidos polos seguintes valores que serven como referencia aos nosos comportamentos e actitudes:

- Todas as nosas accións e intervencións estarán guiadas conforme á **Identidade** de Cáritas

e ao seu **modelo de acción social**.

- ❑ Os últimos e non atendidos serán merecedores dunha preocupación especial, de modo que se incida eficazmente na transformación dunha realidade ou se mitiguen os seus efectos.
- ❑ Traballaremos con ilusión e entrega, con espírito de servizo e de colaboración.
- ❑ Colaboraremos e compartiremos o noso coñecemento e optaremos por alternativas de solución gaño-gañas, sempre que sexa posíbel.
- ❑ Identificamos a calidade co traballo ben feito e a mellora continua, tanto a nivel persoal como a nivel colectivo e institucional.
- ❑ Traballaremos con metodoloxía e disciplina de traballo en equipo, procurando a máxima participación, contribución, eficacia, satisfacción e rendemento no noso traballo.
- ❑ Queremos que os destinatarios do noso traballo atopen en nós: Accesibilidade, escoita, apertura, bo trato, dedicación, dispoñibilidade e diálogo, os cales formarán parte dos nosos principios para a acción. Para mellorar o noso procesos de traballo consideraremos as súas opinións e expectativas.
- ❑ Faremos sempre patente o noso recoñecemento a todas as persoas, comunidades e institucións que fan posíbel que poidamos chegar aos últimos e non atendidos.

DECLARACIÓN DE MISIÓN

A misión constitúe unha síntese das estratexias que imos levar a cabo para acadar os obxectivos.

Para acadar a Visión, perante os próximos sete anos, orientaremos a nosa acción cara os últimos e os non atendidos, así como cara o cambio das estruturas e das actitudes e o comportamento das persoas, favorecendo ao máximo a implicación da comunidade cristiá na acción sociocaritativa.

Para elo:

- ❑ Desenvolveremos accións significativas centradas nos últimos e non atendidos, o feito migratorio, os territorios empobrecidos e os axentes sociais (a comunidade cristiá, a comunidade local, ...), e orientaremos todas elas cara o acompañamento de procesos no territorio e á promoción no mesmo dun tecido acolledor, participativo, organizado e solidario, así como á prevención a través de programas de loita contra a exclusión.
- ❑ Centraremos a nosa acción no acompañamento ás persoas e colectivos con dificultades especiais de inserción e ás persoas e colectivos non atendidos.
- ❑ Integraremos, a prestación de servizos e a transferencia de recursos, no acompañamento de procesos de inserción, e impulsaremos alternativas de inserción dende o ámbito local que contemplan a adaptación tanto dos recursos como os itinerarios á situación e ás

necesidades dos últimos e non atendidos.

- Impulsaremos as nosas funcións permanentes: a animación do ministerio da caridade na comunidade e a formación dos responsables da acción sociocaritativa, a promoción de actuacións coherentes e significativas, a coordinación da acción sociocaritativa e a comunicación cristiá de bens, reforzando así a dimensión eclesial do ministerio da caridade.
- Colaboraremos no desenvolvemento da Pastoral de conxunto e participaremos en accións que favorezan o coñecemento mutuo e a colaboración entre axentes de pastoral.
- Reforzaremos tamén a dimensión profética, evanxelizadora e universal do ministerio da caridade. Para elo, impulsaremos a denuncia, a sensibilización e a proposta de alternativas, o voluntariado, a presenza pública e a participación organizada das persoas empobrecidas, o desenvolvemento de marcos legais, de políticas e de comportamentos dos axentes sociais acordes cos intereses dos últimos e non atendidos, e a colaboración orientada á denuncia e á transformación social con outros axentes sociais.
- Afondaremos no noso modelo de acción social a través de procesos formativos e de reflexión.
- Reforzaremos os órganos de goberno, os espazos de participación e a comunicación entre planos.
- Fortaleceremos e dinamizaremos as Cáritas parroquiais.
- Animaremos á participación das Cáritas Parroquiais nas tarefas e responsabilidades da Cáritas Diocesana.
- Desenvolveremos a acción de Cáritas Diocesana para traballar sobre obxectivos organizativos diocesanos, e impulsaremos o traballo no apoio ao desenvolvemento das Cáritas Parroquiais.
- Dotarémonos de ferramentas e sistemas que nos permitan mellorar a xestión de Cáritas Diocesana, incrementar a colaboración e garantir os recursos necesarios para acadar os obxectivos estratéxicos: planificación, Internet e intranet, recursos humanos, financiamento, rede de colaboracións,

SEGUNDA PARTE. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

PRIMEIRO EIXO. OS ÚLTIMOS E OS NON ATENDIDOS

“Cáritas ten unha grande tarefa por diante: dar sentido á fraternidade universal, comezando polos últimos da terra” (Reflexión sobre a Identidade de Cáritas)

Obxectivo Xeral: Que os últimos e non atendidos sexan protagonistas do seu proceso integral de desenvolvemento, que amplíen as súas capacidades e relacións, que lles sexa recoñecidos os seus dereitos e que acedan aos recursos sociais, participando plenamente como cidadáns.

Este obxectivo xeral concrétase nos seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- ❑ Que os últimos e os non atendidos poidan dispor, cando o precisen, dunha renda básica e dun aloxamento temporal, que lles permita realizar un itinerario de inserción dirixido a mellorar a súa situación e que garanta, mentres a inserción non se acade, a cobertura das súas necesidades básicas.
- ❑ Que os últimos e os non atendidos teñan acceso ao traballo ou outras alternativas de ocupación en empresas de inserción,..., e á vivenda.
- ❑ Que os últimos e os non atendidos acedan de maneira equitativa á información, á educación, á formación, á saúde, aos servizos sociais e a conxunto de recursos e servizos que lles permitan gozar dunha vida digna.
- ❑ Que os últimos e os non atendidos poidan organizarse colectivamente e participar, de feito, na vida económica, política, cultural e social.
- ❑ Que os últimos e os non atendidos se poidan integrar en redes de relación e comunidades de referencia, mediante o exercizo dos seus dereitos e a asunción das súas responsabilidades, o fortalecemento do seu círculo de relacións (familiares, amigos, veciños, voluntarios) e a participación normalizada en espazos como a escola, as asociacións de veciños, as organizacións de voluntariado e na comunidade relixiosa acorde a súa fe, no caso de que sexan crentes.
- ❑ Que os últimos e os non atendidos desenvolvan as súas capacidades, recursos, valores, actitudes e hábitos, incrementen a súa autoestima, desenvolvan as súas aspiracións persoais nos diversos ámbitos vitais e recuperen o sentido vital.
- ❑ Que as comunidades dos territorios empobrecidos desenvolvan as redes e relacións de solidariedade primaria (familia, amigos, veciños) e secundaria (asociacións, organizacións, institucións ...), que lles permitan reforzar o diálogo coas administracións públicas e outros axentes sociais.
- ❑ Que as comunidades cristiás sexan cada vez máis acolledoras e integradoras, e que sitúen como eixo dos seus proxectos sociais a opción polos últimos.

Para acadar estes obxectivos Cáritas propónse levar a cabo as seguintes ESTRATEXIAS:

Liña Estratéxica: Centrar a nosa acción nos últimos e os non atendidos, impulsar procesos integrais de desenvolvemento nos que participen plenamente, e favorecer a vinculación dos últimos e non atendidos a unha comunidade e territorio, así como o seu acceso aos recursos e o exercizo dos dereitos que se derivan da súa dignidade como persoas.

Estratexias:

- ❑ Impulsar alternativas, dende o ámbito local (comarcal, municipal, ...), para persoas colectivos con necesidades especiais de cara a súa inserción social, mediante a adaptación dos nosos recursos as súas características e a integración da prestación de servizos no acompañamento a procesos integrais de inserción desde o territorio.

- Desenvolver tarefas de prevención que incidan sobre as situacións de exclusión e sobre os factores que as xeran.
- Promover nos territorios empobrecidos un tecido comunitario acolledor, participativo, organizado e solidario, de cara a mellorar o acceso dos últimos e non atendidos aos recursos sociais, económicos, etc.
- Mellorar os nosos servizos de acollida e acompañamento, e impulsar novas experiencias.
- Desenvolver accións significativas cos inmigrantes.
- Promover unha leña de actuación no ámbito rural, que contemple novas formas de intervención que permitan potenciar a participación social.
- Avaliar a efectividade das estratexias anteriores, a través de sistemas de avaliación que contemplen a participación dos últimos e non atendidos.

SEGUNDO EIXO. AS COMUNIDADES CRISTIÁS

“Cáritas síntese animada por unha misión permanente e irrenunciable: ser Igrexa pobre e para os pobres; axudando á mesma Igrexa a non caer na tentación de acumular riquezas e a ser signo de credibilidade dos valores do Reino. Entre os pobres actualiza os signos da Boa Nova de Xesús; e cando se dirixe ao interior da Igrexa, axuda á conversión dos crentes para que contemplan nos pobres o rostro de Deus e se comprometan na súa liberación” (Reflexión sobre a identidade de Cáritas, p.26)

Obxectivo Xeral: Que as comunidades cristiá sexan expresión dunha Igrexa austera, desprendida e solidaria, que afonda na súa opción preferencial polos pobres.

Este obxectivo xeral concrétase nos seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Que a comunidade cristiá no seu conxunto, animada polo equipo de Cáritas, sexa o protagonista da acción sociocaritativa da Igrexa mediante a participación na acción de Cáritas, na orientación do traballo de Cáritas e nos seus procesos a distintos niveis.
- Que as "asociacións" da Igrexa comprometidas na acción sociocaritativa, e Cáritas, como "organismo oficial da Igrexa para a acción caritativa e social"⁵, colaboren no exercizo do ministerio da caridade e que sexan, e se manifesten, coherentes coa opción preferencial polos pobres, ademais de afondar en criterios comúns de actuación e manter unha presenza pública coordinada, sempre que resulte posíbel.
- Que a acción sociocaritativa da Igrexa se integre, cada vez máis, na pastoral de conxunto, e que se reforcen o coñecemento mutuo e a colaboración entre axentes de pastoral.

Para acadar estes obxectivos Cáritas propónse levar a cabo as seguintes ESTRATEXIAS:

Liña Estratéxica: Reforzar na nosa acción o exercizo das nosas funcións permanentes e as dimensións do ministerio da caridade, e colaborar na pastoral de conxunto

⁵ “La Caridad en la vida de la Iglesia” (LX Asemblea Plenaria Conferencia Episcopal Española, 1994)

Estratexias:

- ❑ Desenvolver unha acción constante e planificada en comunión co Sr. Bispo e as liñas da Pastoral Social diocesana, sobre a animación do ministerio da caridade, sobre a coordinación da acción sociocaritativa e sobre a súa articulación pastoral.
- ❑ Colaborar na animación do ministerio da caridade nas comunidades cristiás e, concretamente, na formación do clero e dos responsables da pastoral.
- ❑ Colaborar na coordinación da acción sociocaritativa, e impulsar o diálogo, a coordinación e o traballo en rede con outras entidades da Igrexa que traballan cos últimos.
- ❑ Colaborar no desenvolvemento da Pastoral de conxunto, con especial atención á integración na mesma da acción sociocaritativa, e participar en accións que favorezan o coñecemento mutuo e a colaboración entre axentes de pastoral.

TERCEIRO EIXO. A SOCIEDADE

- *compromiso a favor do recoñecemento efectivo de todos os dereitos e dos dereitos de todos é o camiño cara unha sociedade solidaria e xusta” (Reflexión sobre a identidade de Cáritas, p.23)*

Obxectivo Xeral: Que as persoas, as familias, as comunidades locais e todos os axentes sociais promovamos comportamentos e nos impliquemos nunha transformación das relacións e estruturas sociais, que fagan posíbel un desenvolvemento sostible, participativo, xusto e solidario, no que participemos todas as persoas e todos os pobos.

Este obxectivo xeral concrétase nos seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- ❑ Que todas as persoas e axentes sociais tomemos conciencia da realidade da pobreza e a exclusión, a escala local e global, e que asumamos unha conciencia crítica e de denuncia diante das situacións de inxustiza, la conculcación de dereitos e o modelo de desenvolvemento imperante, que ameaza o futuro de todas as persoas. E que elo se manifeste no incremento do número de persoas que participamos socialmente e que adoptamos un estilo de vida alternativo que compromete o que temos (cartos, traballo, vivenda, consumo) e o que somos, establecendo vínculos con persoas en situación de pobreza e exclusión.
- ❑ Que a Igrexa, a comunidade cristiá, Cáritas e cada membro da Igrexa deamos testemuño fiel e activo dos valores evanxélicos e da nosa opción preferencial polos pobres, adoptando un estilo de vida coherente coas Benaventuranzas.
- ❑ Que os crentes, especialmente os mozos, nos impliquemos na presenza pública da Igrexa mediante a nosa participación en organizacións políticas, sindicais, movementos sociais, e ONGs, e que deamos testemuño da nosa fe.
- ❑ Que os parlamentos e gobernos desenvolvan unha política social e unha lexislación que recoñezan o dereito persoal e subxectivo a unha renda de inserción suficiente e digna, e

que impulsen vías alternativas de convivencia, ocupación, ..., que permitan a inserción social dos últimos.

- Que os medios de comunicación social, a banca, a empresa, os gobernos e as ONG prioricen criterios sociais e éticos no seu quefacer, iniciando a aplicación de códigos deontolóxicos.
- Que unha rede suficiente de organizacións sociais que traballamos na loita contra a pobreza e a exclusión, incluíndo aos empobrecidos, incrementemos a coordinación, o diálogo, o contraste e a colaboración, orientemos a nosa acción cara as causas da exclusión, promovamos conxuntamente accións transformadoras a nivel local e mundial, e favorezamos o cambio de actitudes e comportamentos da cidadanía.
- Que a sociedade, buscando axuntar o seu propio benestar presente e futuro, co benestar de toda a humanidade, impulse o desenvolvemento de todos os pobos e a xustiza nas relacións internacionais. E para elo, promova un acordo mundial contra a pobreza e conceda prioridade a súa erradicación como eixo da axuda española ao desenvolvemento, recoñeza a erradicación da fame como unha prioridade mundial absoluta, impulse decididamente a loita contra a SIDA, e promova os mecanismos que possibiliten un desenvolvemento sostíbel, o comercio xusto e estratexias de reconsideración da débeda, contribuíndo á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento para o Milenio establecidos polas Nacións Unidas.
- Que a comunidade e as persoas incrementemos a nosa conciencia de Igrexa Universal e a nosa vinculación solidaria aos problemas doutros pobos, mediante unha práctica transformadora coherente co desenvolvemento de todos os pobos e a integridade da creación, a vinculación a proxectos de cooperación internacional, a realización dunha análise global que sustente a acción local, e a realización de todas as nosas accións desde unha perspectiva universal.

Para acadar estes obxectivos Cáritas propónse levar a cabo as seguintes ESTRATEXIAS:

Liña Estratéxica: Impulsar a transformación das estruturas e das persoas, dende a perspectiva dos últimos, xerando condicións económicas, sociais, culturais e políticas, que contribúan a avanzar cara unha sociedade máis xusta, participativa e solidaria.

Estratexias:

- Levar a cabo accións de denuncia, sensibilización e proposta de alternativas que cheguen a afectar ao modelo de sociedade e as actitudes das persoas, dende un talante evanxélico e procurando establecer un diálogo fecundo coa cultura, e dirixir estas accións de comunicación especialmente ás persoas mozos,
- Impulsar o voluntariado e a participación social de todos os cidadáns e das persoas e grupos das comunidades parroquiais, con especial atención aos mozos, cristiás e non cristiás.
- Apoiar a participación organizada das persoas empobrecidas.
- Propiciar un salto cualitativo na loita contra a pobreza e a exclusión na nosa diocese e en

Galicia, e promover o desenvolvemento dos marcos normativos e das políticas, así como unha resposta adecuada por parte dos axentes económicos e sociais: banca, empresa, administracións, partidos políticos, sindicatos,...

- Impulsar a colaboración cos outros axentes sociais no ámbito local e diocesano, no terreo da denuncia e a transformación social.
- Difundir información sobre a globalización e lograr unha conciencia alternativa en torno á mesma, e reforzar a nosa presenza e o traballo en colaboración coas outras organizacións e redes afíns.
- Impulsar a dimensión universal da caridade nas Cáritas Parroquiais en todas as súas vertentes-acompañamento de proxectos no Sur, sensibilización e educación para o desenvolvemento no Norte,...., artellando adecuadamente a súa acción coa dos Servizos Xerais de Cáritas Española.

CUARTO EIXO. O NOSO MODELO DE ACCIÓN SOCIAL⁶

“A acción caritativa e social, como parte constituínte da misión evanxelizadora da Igrexa, ten que ser mediadora do modo de ser de Deus; colaborando así en facer visible o seu rostro, asumindo os desafíos os medios que ofrecen os avances históricos do mundo actual, a través dos signos dos tempos que nos interpelan”(Reflexión sobre a identidade de Cáritas, p.28)

Obxectivo Xeral: Avanzar nun estilo de traballo común e afondar na orientación da nosa acción dende os trazos que a caracterizan: orientación aos últimos e non atendidos, participación social, acción integral, universalidade da caridade, denuncia, orientación ao acompañamento de procesos, formación entendida como proceso educativo, colaboración con outros e afirmación da responsabilidade pública.

Este obxectivo xeral concretase nos seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Afondar nun modelo de acción social como marco de referencia para todas as Cáritas.
- Contar con un estilo de traballo compartido polos diferentes planos e axentes de Cáritas (voluntariado, contratados).

Para acadar estes obxectivos Cáritas propónse levar a cabo as seguintes ESTRATEXIAS:

Liña Estratéxica: Promover a reflexión en torno ao Modelo de Acción Social, a formación a elaboración de ferramentas que favorezan a súa aplicación dentro dunha dinámica de mellora continua.

6 Por Modelo de Acción Social entendemos neste documento, o conxunto de principios, de mínimos, que constitúen o marco dos procesos de formación da nosa acción no ámbito estatal e internacional.

Estratexias:

- Reflexionar sobre o " Modelo de Acción Social", e intentar asumir , de forma responsable, os mínimos, criterios e consecuencias prácticas nel definidas.
- Impulsar a formación e a elaboración de ferramentas que favorezan a aplicación e a avaliación continua da aplicación do modelo de acción social.

QUINTO EIXO. A ORGANIZACIÓN E OS SISTEMAS DE COLABORACIÓN EN CÁRITAS DIOCESANA

Cada unha das Cáritas necesitémonos non só para aprender uns dos outros, senón tamén para planificar e realizar accións comúns. Na actualidade os problemas sociais son tan interdependentes e as esixencias da acción caritativa e social tan complexas que necesitamos intensificar as nosas planificacións, actuacións e avaliacións comúns. (...)

A natureza de nosa Confederación implica que cada unha das nosas Cáritas estea disposta a recibir das demais e a compartir con elas as ideas, as persoas (coa súa experiencia e o seu saber facer) e os recursos económicos. Non esquezamos que as veces é máis difícil aprender a recibir que a dar" (Marco para a acción de Cáritas perante os próximos anos, p. 49)

Obxectivo Xeral: Que Cáritas Diocesana sexa un espacio vivo e dinámico, de comunión fraterna, colaboración e apoio mutuo.

Este obxectivo xeral concrétese nos seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Compartir os recursos humanos, materiais, económicos, de coñecemento, informativos,..., en función das necesidades do conxunto e de cada un dos seus membros.
- Reforzar o coñecemento mutuo e as actitudes que favorecen a colaboración, e desenvolver o traballo en equipo e en base a obxectivos comúns.
- Que as Cáritas Parroquiais se desenvolvan como ámbito privilexiado da nosa acción e promover, de común acordo entre Cáritas Diocesana e as Cáritas Parroquiais, outros espacios de coordinación e colaboración entre Cáritas Parroquiais que se demostren necesarios.
- Que Cáritas Galicia sexa un espacio real de comunicación, de discernimento, de apoio mutuo e de colaboración, sen necesidade dunha estrutura propia.

Para acadar estes obxectivos Cáritas propónse levar a cabo as seguintes ESTRATEXIAS:

Liña Estratéxica: Ampliar o haber común, os criterios, sistemas e ferramentas de colaboración e a Comunicación Cristiá de Bens en Cáritas Diocesana, e artellar os distintos planos, en atención á evolución das necesidades sociais.

Estratexias

- ❑ Animar a Comunicación Cristiá de Bens de todo tipo a través da sensibilización, formación, intercambio de boas prácticas e proposta de novas experiencias, e consolidar a súa práctica no ámbito económico, mediante a revisión das fontes de recursos propios.
- ❑ Reforzar os órganos de goberno de Cáritas Diocesana, os espazos de participación e a comunicación, e fomentar a corresponsabilidade.
- ❑ Promover e fortalecer as Cáritas Parroquiais, e o seu efectivo e afectivo artellamento con Cáritas Diocesana, e establecer criterios sobre as estruturas de coordinación e colaboración entre a Cáritas Diocesana e as Cáritas Parroquiais.
- ❑ Apoiar a dinamización da futura Cáritas Galicia dende Cáritas Diocesana e xunto coas outras Cáritas Diocesanas de Galicia, contando para elo, co acompañamento dos Servizos Xerais de Cáritas Española.

SEXTO EIXO. A XESTIÓN DE CÁRITAS DIOCESANA

"A mística de Cáritas tenta axuntar vida no Espírito e actitude fronte á pobreza. Que o deseño da mística dunha institución se verifique no día a día depende da encarnación concreta que acade nas persoas que a integran. (...)

O que supón que Cáritas debe evitar sempre caer nunha burocratización esaxerada ou nun profesionalismo extremo, que maten o espírito e non deixen lugar para a acción dos voluntarios con carisma para a acción caritativa e social" (Reflexión sobre a identidade de Cáritas, p.58)

Obxectivo Xeral: Mellorar a xestión de Cáritas Diocesana, especialmente nas áreas de planificación, información e comunicación, recursos humanos e formación, e recursos materiais e económicos, garantindo os recursos e as colaboracións necesarias para acadar os obxectivos estratéxicos.

Liña Estratéxica: Dispor e utilizar ferramentas, sistemas e recursos que nos permitan xestionar e desenvolver accións coherentes cos obxectivos estratéxicos.

Este obxectivo xeral concrétase nos seguintes **OBXECTIVOS** Específicos e **ESTRATEGIAS**, que en relación con este eixo presentamos de maneira agrupada e por áreas de xestión.

PLANIFICACIÓN

Obxectivo Específico: Adaptarse aos cambios na realidade dende unha reflexión e planificación sistemática.

Estratexias:

- ❑ Diseñar e por en marcha un sistema de planificación diocesana.

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Obxectivo Específico: Mellorar a xestión da información dende unha perspectiva diocesana, mediante o desenvolvemento dun sistema de comunicación multidireccional entre as Cáritas Parroquiais e a Diocesana.

Estratexias:

- ❑ Desenvolver ferramentas para mellorar a xestión da información dende unha perspectiva diocesana.

Obxectivo Específico: Potenciar os plans e recursos de comunicación en todos os planos de Cáritas Diocesana.

Estratexias:

- ❑ Diseñar un Plan de Comunicación de Cáritas Diocesana e impulsar o seu desenvolvemento en todos os planos da mesma.
- ❑ Incrementar e optimizar os recursos humanos, materiais, económicos e tecnolóxicos dedicados á comunicación.

Obxectivo Específico: Desenvolver unha estratexia de intercambio co entorno ⁷ que sexa coherente cos obxectivos estratéxicos.

Estratexias:

- ❑ Comunicar as opcións e o posicionamento de Cáritas.
- ❑ Establecer acordos e desenvolver as colaboracións necesarias para acadar os obxectivos estratéxicos.
- ❑ Revisar a relación coas administracións públicas.
- ❑ Fortalecer os aspectos da identidade de Cáritas con maior proxección e credibilidade social.

RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

Obxectivo Específico: Valorar e potenciar o voluntariado

Estratexias:

- ❑ Desenvolver os sistemas de convocatoria, acollida, formación e acompañamento dos voluntarios, incluíndo a avaliación da realización destes sistemas.

7 Entendemos por xestión do intercambio co entorno, xestión, as comunidades cristiás, a Igrexa, as organizacións coas que colabora, as administracións públicas, a sociedade en xeral.. . Un entorno activo e en cambio, que constitúe un sistema, un conxunto de elementos en Interrelación, do que Cáritas forma parte, ao que resulta permeable e co que establece unha comunicación e unhas determinadas relacións de colaboración, conflito, que é preciso xestionar.

Obxectivo Específico: Acadar un desenvolvemento equilibrado dos recursos humanos en Cáritas, coherente cos obxectivos estratéxicos, e favorecer o crecemento persoal dos seus axentes, en todas as súas dimensións.

Estratexias

- ❑ Desenvolver unha proposta sobre a dotación de recursos humanos e a relación entre axentes (voluntariado, contratados), que sexa coherente con unha organización que debe estar integrada fundamentalmente por voluntariado e que quere orientarse ao acompañamento de procesos e á transformación de estruturas.
- ❑ Desenvolver a dimensión educativa de Cáritas, mediante a oferta de itinerarios e procesos educativos concretos que permitan a todos os axentes de Cáritas madurar como persoas e como crentes, sen esquecer o espacio principal de maduración na fe que constitúe a propia comunidade ou grupo de referencia.
- ❑ Adecuar as competencias e actitudes dos axentes de Cáritas aos obxectivos estratéxicos, regulando a descrición da súa ocupación ou posto de traballo, así como a súa normativa específica de dereitos e deberes.
- ❑ Impulsar a función directiva en xeral.
- ❑ Mellorar a xestión dos recursos humanos e, concretamente, desenvolver os recursos relacionados coa súa xestión.
- ❑ Desenvolver a achega dos mozos á Igrexa dende o exercizo do ministerio da caridade en toda a súa profundidade.

RECURSOS MATERIAIS E ECONÓMICOS

Obxectivo Específico: Axustar a xestión dos recursos materiais e económicos á orientación de Cáritas cara os últimos, a denuncia, o acompañamento e a acción transformadora, así como a promoción e o apoio das Cáritas Parroquiais, mediante a adopción de medidas de Comunicación Cristiá de Bens que favorezan unha maior autonomía de Cáritas.

Estratexias:

- ❑ Orientar os nosos recursos con prioridade aos últimos.
- ❑ Xestionar adecuadamente os recursos, con transparencia, fiabilidade, credibilidade e de maneira que poidan garantir a súa estabilidade, a súa orientación aos últimos e a independencia que permita levar a cabo as accións de denuncia que resulten necesarias.
- ❑ Mellorar o ambiente de traballo e a acollida a usuarios e voluntarios a través da mellora das instalacións.

TERCEIRA PARTE. DESENVOLVIMENTO E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO

O Plan Estratéxico concrétese nos sucesivos **Plans Anuais de Xestión** en cada un dos cales se realizarán o correspondentes seguimento e avaliación.

Seguimento e avaliación do Plan Estratéxico

Cada seis meses realizarase un control da aplicación do Plan de Xestión, que se consolida anualmente.

Este control céntrase no desenvolvemento das actividades programadas por parte das persoas previstas e cos recursos asignados, identificando variacións e actualizando os aspectos necesarios.

Ao finalizar cada plan de xestión, e tendo en conta estes controis realízase unha avaliación do mesmo e elaborárase un novo plan anual de xestión.

A avaliación céntrase no grao de consecución dos obxectivos asociados ás actividades, para identificar despois os distintos factores -actividades, recursos humanos, recursos materiais, recursos económicos, factores condicionantes externos- que ponderan ter incidido na consecución ou non consecución dos obxectivos.